

ESQUEMA. NORIEGA VARELA

O POETA	OBRA	TEMÁTICA	MÉTRICA/ RECURSOS	LINGUA
(Mondoñedo, 1869 - Viveiro, 1947). Estivo influenciado pola amizade con Leiras Pulpeiro, Otero Pedrayo, Aquilino Iglesia e pola literatura portuguesa, principalmente polo saudosista Teixeira de Pascoães.				En xeral a lingua é popular, con presenza de vulgarismos, dialectalismos e castelanismos.
Poeta tradicional Influenciado pola poesía popular de tradición oral.	<i>De ruada</i> (1895). <i>Leite fresco</i> (1898).	Costumes populares.	Versos de arte menor (principalmente octosílabos) e de rima asonante.	Linguaxe popular Léxico enxebre patrimonial (<i>brañego, doña, raiola</i>) e dialectal (<i>carpaza</i>). Expresións coloquiais (<i>Tróuxoa o demo á terra nosa</i>). Vocabulario concretó, principalmente arredor do campo semántico da flora rural (<i>urces, flores do toxo</i>).
	<i>Montañesas</i> (1ª ed. 1904).	Poesía centrada arredor da montaña cun ton descritivo.	Tendencia ao epigrama ou composición breve e ao uso de romances (-a-a).	
	<i>A Virxen i-a paisanaxe</i> (1913).	101 cantigas populares dirixidas á Virxe que exemplifican a relixiosidade da que está impregnada a súa obra.	Da literatura popular toma a prosopopea, o frecuente diminutivo <i>-iño</i> , e o uso do paralelismo en calquera das súas manifestacións: anáforas, similitudencias, etc.	
	<i>Como falan os brañegos I e II</i> (1928 e 1930).	Recompilación de vocabulario, refráns e frases feitas do pobo.		
Poeta lírico-intimista Influenciado polos poetas portugueses saudosistas (Teixeira de Pascoães principalmente), e polos poetas clásicos (Virxilio e Horacio).	<i>Do ermo</i> (1ª ed. 1920, edición derradeira de 1947, que inclúe a súa obra completa).	Poesía intimista arredor da paisaxe solitaria do ermo da montaña, o <i>beatus ille</i> do poeta. Desta paisaxe prefire as pequenas e humildes cousas (un pequeno verme, o brión, as pingas de orballo, a chorima, unha pucharquiña...).	Versos de arte maior, principalmente hendecasilabo sáfico. Frecuente uso do soneto composto de 2 cuartetos (ABBA) ou 2 serventesios (ABAB) + 2 tercetos. Da literatura culta toma a metáfora e a sintaxe clásica no uso do hipérbato.	Linguaxe máis depurada Introduce léxico culto (<i>fulgurante, nume</i>). Ortografía etimolóxica ou pseudoetimolóxica (<i>reyna, captivante, simbolizar, mystycas</i>). Vocabulario abstracto, froito do intimismo (<i>atavío, soberbio, nudez, vagaroso chover...</i>). Arcaísmos (<i>El Señor, merescían, nascen, entre outros</i>).
Apreciacións	Foi chamado o «cantor da montaña». Destacou no panorama literario por iniciar a corrente neovirxilianista ou de «paisaxismo humanístico» (descrición da paisaxe cun estilo e unha linguaxe cultos) que despois seguirán poetas como Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé Mª Díaz Castro. Ocasionalmente foi poeta cívico (nuns poucos poemas anticaciquís –non pasan de 5–) e satírico-burlesco mostrándose defensor do nacente réxime franquista, contrario á República, ao galeguismo, á ideoloxía das Irmandades da Fala sobre todo por non aceptar unha estandarización da lingua galega válida para os futuros campos aos que se abriría a nosa lingua. Para el a lingua galega era labrega e non debería saír do ámbito labrego.			

